

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

VI Residencia literaria Cidade da Cultura

Co acompañamento de Eva
Mejuto, Rosa Aneiros, Elena
Medel, Nerea Pallares, Cynthia
Menéndez e Víctor Mascato

Inscríbete ata o 22 de maio!
Residencia: 29 xuño—11 xullo 2026



RESIDENCIA LITERARIA DA CIDADE DA CULTURA 2026

REGA Programa de residencias artísticas do Gaiás

Inscricións: ata
o 22 de maio de
2026

Residencia: do
29 de xuño ao 11
de xullo de 2026


Tes un proxecto de narrativa, teatro ou poesía inédito e queres darlle un pulo? Ata o 22 de maio de 2026 está aberto o prazo de inscrición á *VI Residencia literaria da Cidade da Cultura*, un espazo de aprendizaxes para escritoras e escritores emerxentes que queiran perfeccionar as obras a través da posta en común de experiencias e coñecementos, e co acompañamento de autoras e autores de primeiro nivel nas letras galegas e españolas.

A Residencia literaria da Cidade da Cultura facilita ás autoras e autores noveis, así mesmo, un coñecemento 360º do mundo do libro: dereitos de autoría, edición, distribución e sistema literario. Traballárase con distintos profesionais do sector desde aspectos como presentar unha obra a unha editorial, analizar contratos, a autoedición, a promoción e a distribución dos libros. Faranse lecturas e debates arredor de textos propios e alleos e gozaráse de experiencias senlleiras coma roteiros literarios e maridaxes lectoras.

Non menos importante, a Residencia literaria axudará ao crecemento persoal compartindo tempo e espazo con persoas moi diferentes cunha paixón en común: os libros e a lectura.

Dirixida pola escritora e xestora cultural, **Eva Mejuto**, participarán como convidadas nesta edición da Residencia, as escritoras **Elena Medel**, **Rosa Aneiros**, **Nerea Pallares** e **Cynthia Menéndez**; ademais do editor **Víctor Mascato**.

BIOGRAFÍAS



Elena Medel

Elena Medel (Córdoba, 1985) é autora

dos poemarios *Mi primer bikini* (DVD, 2002), *Tara* (DVD, 2006) e *Chatterton* (Visor, 2014), reunidos en *Un día negro en una casa de mentira* (Visor, 2015), así como do texto lírico para escena *El poema que sucede*, que recitou no Teatro de la Abadía en 2026; dos ensaios *El mundo mago* (Ariel, 2015), *Todo lo que hay que saber sobre poesía* (Ariel, 2018) e *Erudición sobre hormigas y rositas* (CSIC, 2023); e da novela *Las maravillas* (Anagrama, 2020), gañadora do Premio Francisco Umbral ao Libro do Ano e incluída na lista longa do Dublin Literary Award 2023. As súas obras foron traducidas a dezasete idiomas. Obtivo recoñecementos como o XXVI Premio Loewe á Creación Xove ou o Premio Fundación Princesa de Xirona 2016. Foi finalista do Eccles Institute & Hay Festival Award 2025 e escritora residente en institucións como MALBA, Arvo Pärt Centre ou Passa Porta. Colabora co suplemento La Lectura, do xornal El Mundo, e algúns dos seus artigos sobre cultura e política publicáronse en Frankfurter Allgemeine Zeitung e The New York Times, entre outros medios. Vive en Madrid.



Rosa Aneiros

Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) é xornalista

e traballa no Consello da Cultura Galega. En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*, á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (2002); *Resistencia* (Xerais, 2003), Premio Arcebispo Xoán de San Clemente 2003; *O xardín da media lúa* (2004); *Veú visitarme o mar* (Xerais, 2004); *Ás de bolboreta* (Xerais, 2009), Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil 2009 e Premio The White Ravens (Internationale Jugend Bibliothek) 2010; *Sol de Inverno* (Xerais, 2009), Premio Xerais de Novela; *Sibila* (Xerais, 2021) e *A noite das cebolas* (Xerais, 2024), Premio Follas Novas á mellor obra narrativa 2024. En 2013 publica o primeiro título da triloxía *Ámote Leo A.: Ámote Leo A. Destino xalundes* (Xerais, 2013), ao que seguiron *Ámote Leo A. Estación de tránsito* (Xerais, 2014) e *Ámote Leo A. Terminal de chegadas?* (Xerais, 2014). Na colección Sopa de Libros de Xerais publicou *Orestes perde o sentido!* (2019) e, na colección Merlín, *A batalla da pequena Chañan Curi Coca* (2017), *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2019; *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea* (2020), Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2018; *Catro plumas de dinosauro* (2022) e *Fáisca, a nena neandertal* (2024). A súa última obra publicada é *Unha historia de amor coma outra calquera* (2025), Premio Raíña Lupa á mellor obra xuvenil en 2024.



Eva Mejuto

DIRECTORA DA RESIDENCIA LITERARIA

Nacida en Sanxenxo, Eva Mejuto é doutora

en Xornalismo pola USC, traballou no sector editorial e desde 2016 desenvolve a súa actividade na xestión cultural. É autora de contos, novelas e teatro para público infantil, xuvenil e adulto, e adaptacións de contos tradicionais para álbum ilustrado. Entre os seus libros publicados destacan *Neko* (Premio Follas Novas á mellor obra infantil 2021), *Os contos do lobicán* (Premio Barriga Verde de teatro para monicreques 2022), e *Matilde*, gañadora do Premio Matilde Bares á Igualdade en 2020. Vén tamén de recibir o Premio Agustín Fernández Paz pola obra *Onde caben tres*, que será publicada no outono.

Ademais, dirixe a colección de álbums ilustrados *Pequena memoria* da editorial Xerais, sobre memoria histórica infantil (Premio Follas Novas á Mellor Iniciativa Editorial en 2020) e foi recoñecida en 2021 co premio Bibliotecas Escolares como a autora máis lida do ano.

Para o público adulto, o seu libro *Memoria Diversa*, sobre a memoria do colectivo LGBTIQ+ en Galicia, con fotografías de Carme Cerviño, foi distinguido co Premio Follas Novas ao mellor traballo de Divulgación do ano 2023.

É colaboradora literaria no Diario Cultural da Radio Galega e coordina o podcast da Xunta de Galicia sobre libros e bibliotecas, Entrelíñas. Desde 2025 dirixe a Residencia literaria da Cidade da Cultura.



Nerea Pallares

Nerea Pallares (Lugo, 1989) é licenciada en

Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Estudos Comparativos de Literatura, Arte e Pensamento pola Universitat Pompeu Fabra, cunha tese sobre as novas expresións escénicas da filosofía do absurdo.

É autora das coleccións de relatos *Sidecar* (2015) e *Los ritos mudos* (2021). Os seus contos foron recollidos nas antoloxías *Pena Negra* (2022) e *Ellas, las extrañas* (2023), unha selección das escritoras de literatura insólita máis destacadas do panorama estatal, e publicados tamén en revistas literarias como Casapaís, Quimera ou Granta. No ámbito do relato breve, gañou diversos certames literarios internacionais, entre os que destacan o XXVIII Premio Enerxeira España, financiado pola Embaixada de España en Italia, o II Premio de Conto Las Dalías e o XLV Certame Literario Cidade de Martos.

Como escritora en residencia, desenvolveu parte dos seus proxectos narrativos ao longo da súa carreira, entre outras institucións, na Cité Internationale des Arts en París, no Centro de Investigación Artística Hangar, en Lisboa, na Fundación Valparaíso, en Mojácar, na Residencia Literaria Illa de San Simón, na Residencia literaria Cidade da Cultura e na Fundación Gala para Jóvenes Creadores de Córdoba.

Co orixinal galego de *Punto de araña* (2025) acadou o premio García Barros. A versión en castelán de *Punto de araña*, que supón o seu debut neste xénero, foi publicada por Libros del Asteroide e, ademais de ter sido traducida ao catalán, agárdanse seis novas traducións ao inglés, francés, italiano, portugués, neerlandés e grego.



Cynthia Menéndez

Cynthia Menéndez naceu en Vigo en 1993.

Estudou inglés, francés, portugués e italiano en centros e universidades de Inglaterra, Gales, Francia, Estados Unidos, Canadá e Portugal.

Viaxa, le e escribe.

Vive en Pontevedra desde hai sete anos, onde traballa coma libreira.

Foi profesora de Inglés e de alfabetización e Lingua Española para refuxiados en Cruz Vermella e para a comunidade senegalesa no barrio de Teis, Vigo.

Participou en festivais locais e internacionais de poesía e algúns dos seus poemas foron traducidos ao inglés.

Forma parte do colectivo artístico *O fruto e a serpe*, co que desenvolveu en Pontevedra o ciclo *Rebumbio Poético*. Un espectáculo sensorial que busca dinamizar a poesía e sacala dos libros para darlle vida noutros espazos a través de homenaxes ás grandes poetas da historia.

Desenvolve un obradoiro de escrita creativa sobre a narrativa de viaxes e a linguaxe poética. Modera e coordina eventos literarios en Pontevedra.

Participou na primeira edición da Residencia literaria da Cidade da Cultura.

Son coma glaciares os barcos de aceiro, Editorial Galaxia (2025), é a súa primeira novela. Próximamente publicará a tradución ao castelán a editorial Pepitas de Calabaza.



Víctor Mascato

Víctor Mascato é editor e responsable

editorial en Triqueta, unha editorial infantil con presenza en distintos mercados nacionais e internacionais. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Vigo, conta cun MBA en xestión, márketing e comercio exterior pola Universidade Intercontinental da Empresa e pola Universidade de Gales (UK).

Antes de incorporarse ao sector editorial, desenvolveu a súa carreira profesional no ámbito financeiro, unha experiencia que marcou o seu enfoque actual, combinando criterio editorial e análise de negocio.

Desde 2017 forma parte de Triqueta, onde traballa no desenvolvemento de proxectos editoriais infantís, coordinando procesos que van desde a conceptualización ata a produción e comercialización. Así mesmo, desenvolve o seu labor ao cargo do proceso editorial en Cumio, supervisando as distintas fases de edición.

O seu traballo céntrase en atopar o equilibrio entre calidade creativa e viabilidade no mercado, así como na construción dun catálogo con identidade propia.

Participou na posta en marcha de proxectos recoñecidos no ámbito internacional e mantén unha vinculación activa co sector a través de feiras, colaboracións e desenvolvemento de novas liñas editoriais.

Na súa labor formativa, achega unha visión práctica do funcionamento real dunha editorial, abordando o libro infantil desde unha perspectiva profesional, estratéxica e orientada ao mercado.

BASES PARA PARTICIPAR NA RESIDENCIA

1. Poden participar todas aquelas persoas nadas en Galicia ou que teñan Galicia como primeira residencia.
2. A Residencia constará de **10 prazas**, das cales un mínimo de **7 estarán reservadas a persoas nadas en 1990 e anos posteriores**. As tres prazas restantes non contarán con límite de idade.
3. Seleccionaranse tamén **5 suplentes**, en orde de prelación, para o caso de que algún dos 10 aspirantes declinase, en calquera momento, a súa participación.
4. As actividades da Residencia celebraranse do **luns 29 de xuño ao sábado 11 de xullo de 2026**, ambas datas incluídas, en horario de mañá e tarde, quedando libre para o descanso dos residentes o sábado 4 de xullo, o domingo 5 de xullo e a tarde do 11 de xullo. As mañás están, inicialmente, previstas para tratar os aspectos relativos ao mundo da edición e as tardes aos proxectos persoais dos e das residentes.
5. O **aloxamento** das persoas residentes nunha habitación individual durante 13 noites, dende a noite do 28 de xuño ata a noite do 10 de xullo, ambas incluídas, e os almozos e xantares durante o devandito período correrán a cargo da organización.
6. As persoas seleccionadas na Residencia comprométese a **participar activamente** en todas as actividades organizadas pola dirección da mesma, agás que

mediase causa de forza maior; e a organización comprométese a que todas as actividades estean relacionadas directamente coa actividade literaria e cultural e poidan axudar ao seu crecemento como escritoras e escritores, así como ao coñecemento dos distintos axentes do sistema literario do país.

7. A Residencia está concibida para o desenvolvemento e mellora de proxectos persoais de narrativa, poesía e escritos dramaturxicos. Como tal, as persoas residentes comprométese a **presentar un proxecto orixinal e inédito**, non presentado a ningún premio literario no momento de inscrición nin durante a celebración da Residencia, para o traballo e posta en común durante os días de Residencia.

8. Todas as prazas da Residencia estarán directamente vinculadas á presentación do devandito proxecto persoal.

9. Os proxectos orixinais deberán ser enviados ao correo **residencialiteraria.cdc@xunta.gal** antes do 22 de maio de 2026, ás 15 horas.

10. O envío deberá constar do boletín de inscrición debidamente cumprimentado cos datos persoais e de contacto, copia do DNI ou certificado de empadramento, un pequeno *Currículum Vitae* da persoa solicitante –con atención especial a aquelas experiencias relacionadas coa escritura–, un informe completo (máximo de 1.200 palabras) acerca do proxecto a desenvolver na

Residencia, e unha mostra de escritura (mínimo de 1.000 palabras, máximo de 2.000).

11. Os proxectos deben presentarse **en galego**.

12. Todas as solicitudes valoraranse de forma individual e imparcial pola dirección da Residencia.

13. Os proxectos que entrarán en valoración incluírán novelas de ficción, novelas de non ficción (auto-ficción), coleccións de relatos, obras de poesía e textos dramáticos.

14. O estado de desenvolvemento dos proxectos presentados pode ser completo (obra rematada inédita), intermedio (obra iniciada mais non completada) ou inicial (desenvolveuse a sinopse e o traballo previo, mais non se comezou a escrita, neste caso será preciso que os aspirantes xunten algún outro escrito da súa autoría para a valoración como se indica no punto 10).

15. As persoas seleccionadas serán informadas a través do correo electrónico que faciliten na solicitude do resultado da mesma, o día **29 de maio de 2026**. Deberán confirmar a súa participación antes do transcurso de 7 días naturais despois desta notificación, do contrario procederase a informar ás suplentes na orde de prelación considerada no proceso de valoración.

16. Unha vez constituída e confirmada a relación de persoas participantes, a dirección da Residencia porase en contacto

**BASES PARA
PARTICIPAR NA
RESIDENCIA**

con elas vía correo electrónico para a súa presentación e outras indicacións que sexan necesarias.

17. A dirección da Residencia comprométese a facer un seguimento dos proxectos resultantes da mesma nos meses posteriores á súa celebración, así como a axudar a impulsar, no caso que procedese ou fose posible, a súa publicación.

18. As persoas seleccionadas que participen no programa **aceptan a gravación e difusión da súa imaxe** a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes

sociais, con fins de divulgar e dar a coñecer a Residencia literaria e o programa de Residencias Artísticas do Gaiás, nesta ou en vindeiras edicións.

19. **A participación no programa supón a aceptación total destas bases.** A organización resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

RESIDENCIA LITERARIA DA CIDADE DA CULTURA 2026

Inscripcións:

Ata o 22 de maio de 2026

Residencia:

Do 29 de xuño ao 11 de xullo
de 2026

cidadedacultura.gal
residencialiteraria.cdc@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027